

PROGRAMA DE BILIOTECA ESCOLAR

Curso 2020-21

**IES RAMÓN OTERO PEDRAYO
A CORUÑA**

ÍNDICE

1. Xustificación.....	3
2. Breve descripción das necesidades máis urxentes en materia de equipamento e colección.....	3
3. Obxectivos:.....	4
4. Tipo de organización e funcionamento previsto.....	4
5. Actuacións previstas nos seguintes ámbitos:.....	5
5.1. Xestión técnica e organización.....	5
5.2. Formación para o uso, tratamento e produción de información.....	5
5.3. Formación de usuarios.....	6
5.4. Programas de formación para a competencia informacional e mediática e proxectos de carácter interdisciplinario ou outros.....	7
6. Actividades para o fomento da lectura e a comprensión lectora en todas as áreas e materias.....	7
7. Apoio ao desenvolvemento ao proxecto lector de centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción da información).....	7
8. Apoio a outros programas e proxectos de aula/centro.....	7
9. Apoio ao estudo ou outras actividades desde a biblioteca para a comprensión das desigualdades sociais e a correcta atención á diversidade.....	7
10. Accións para a integración da cultura impresa/cultura dixital. Multialfabetismos.....	8
11. Difusión dos recursos dispoñibles na biblioteca.....	8
12. Implicación das familias e colaboración con outras bibliotecas.....	8
13. Outros.....	8
14. Horario previsto de atención específica (responsable e integrantes do equipo de apoio).....	9
15. Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores que se terán en conta e instrumentos que se van utilizar.....	9

1. Xustificación.

A Biblioteca do IES Ramón Otero Pedrayo está situada na planta baixa do Instituto e ten accesibilidade para persoas con discapacidade. A superficie da Biblioteca é de 90 m², repartidos en dúas zonas: unha de lectura informal e lecer e outra de lectura, consulta e traballo. No espazo de lectura informal e lecer temos diversos materiais: cómics, prensa, revistas, xogos de xadrez e pensamos completala con máis xogos de mesa así como ampliar a colección de cómics no vindeiro curso 2020-2021. Na zona de lectura, consulta e traballo hai 4 ordenadores con acceso a Internet. Ademais do ordenador principal (que é de uso exclusivo do profesorado do equipo de biblioteca), contamos con outro ordenador no que temos instalado o sistema de autoempréstimo e que xestiona o equipo de alumnado voluntario da biblioteca: normalmente realizamos os préstamos e devolucións dos libros a través deste sistema.

Durante o presente curso por mor da Pandemia COVID19 suprimiuse o espazo de lecer e no seu posto colocáronse pupitres para utilizar o espazo da biblioteca como aula para desdobres. Non poden utilizarse os xogos de mesa nin tampouco os ordenadores pero están dispoñibles para préstamo os fondos citados. En canto á xestión dos fondos de biblioteca, empregamos o programa MEIGA, e seguimos as normas da CDU, adaptándoas á situación concreta da biblioteca. O alumnado utiliza a biblioteca para préstamo nos recreos e os profesores dispoñen dos seus fondos para o desenvolvemento da labor docente. Nestes últimos anos tentamos converter a biblioteca nun lugar agradable e atractivo, nun espazo onde desenvolver diferentes tipos de actividades culturais e educacionais e, por último, pero non en último lugar, no xerme a partir do cal se desenvolva nos alumnos cada vez máis o gusto pola lectura.

O presente curso está marcado polas restricións impostas polas autoridades educativas por mor da Pandemia COVID19, e algunhas das actividades desenvoltas habitualmente quedan suspendidas durante este curso. No obstante se artellarán estratexias que permitan desenvolver estas actividades de xeito telemática. A biblioteca manterá o préstamo de libros adaptado ás normas preventivas impostas polas autoridades educativas. Por outra banda o espazo físico da biblioteca durante este curso se utilizará como aula.

Aproveitando esta situación, o persoal da biblioteca adicará especial atención a renovar os fondos e expurgar aqueles que estean en mal estado ou sexan anticuados.

2. Breve descrición das necesidades máis urxentes en materia de equipamento e colección.

As necesidades máis urxentes en materia de colección son actualizar os fondos. De feito, no que respecta aos fondos xa existentes, cumpriríanos ter máis exemplares dalgúns libros xa que, para determinadas actividades de lectura recomendadas polo profesorado, na maioría dos casos contamos cun so exemplar por título. Así mesmo, coidamos que deberíamos mellorar a nosa dotación en banda deseñada, por ser este un formato moi atractivo para o inicio da lectura en nenos e adolescentes.

Ademais, gustaríanos poder traballar na biblioteca con dispositivos de lectura dixitais (e-books), para dalos a coñecer entre o alumnado e que adquiran competencia no seu manexo. De feito, existen moitos clásicos da literatura gratuítos, que poderíamos descargar, o cal contribuiría a ampliar os fondos da biblioteca sen minguar por iso o reducido espazo físico do que dispoñemos. Consideramos que este soporte resultaría máis atractivo para o alumnado, contribuíndo a aumentar o seu gusto pola lectura.

No que respecta ao mobiliario, nestes últimos cursos renovouse considerablemente (espazo de lectura informal novo, recuncho internet, mesa de recepción, estores para as ventás, revisteiros, etc.) polo que cremos que neste apartado só nos quedaría por facer pequenas cousas para completar o que xa está feito ou renovar algún moble que se estrague

3. Obxectivos:

- Convertera biblioteca nun espazo dinámico que combine o material existente coas novas tecnoloxías. Para iso necesitaríamos diverso equipamento tecnolóxico (e-books, proxector, tablets, etc.) xa que cremos conveniente amosar ao nosos alumnado como utilizar os avances tecnolóxicos vinculados co mundo da lectura.
- Potenciar a formación de usuarios e o uso das TICS.O curso 2020-2021 incidirase na actualización e dinamización da conta de Instagram a través da participación dos discentes: alumnado voluntario da biblioteca e alumnado do instituto.
- Aproveitar a conta de Instagram para mediante ebooktrailes, promover lecturas recomendadas por docentes, alumnos e alumnas e dar visibilidade ás demais actividades de dinamización da biblioteca (concursos, exposicións, etc.).
- Continuar co expurgo, catalogación e actualización dos fondos existentes, incluídos os dos diferentes departamentos.
- Inventariar fondos de interese para o profesorado que están depositados dende fai tempo e crear unha pequena sección centrada nos intereses e suxestións do profesorado e do persoal non docente, pero dispoñible a toda a comunidade educativa (pais, nais, titores legais).
- Recompilar, organizar e catalogar todos os materiais e recursos didácticos do centro. Revisaranse os departamentos na procura de materiais útiles para a biblioteca escolar e, ademais do uso de ordenador e proxector na aula, cada aula estará dotada de dicionarios de Lingua castelá, Lingua francesa, Lingua galega e Lingua inglesa; tamén se incluírán nas aulas dicionarios de sinónimos e antónimos e libros divulgativos, de lectura ou de consulta.
- Impulsar o Proxecto lector do Centro e o Club de Lectura Bibliotero, que comezou o curso 2007-2008.
- Actividades de fomento da lectura como medio de entretemento e información: libros recomendados no Club de lectura Bibliotero, recomendacións do alumnado voluntario e do profesorado na nosa conta de Instagram.
- Realizar de xeito dixital ou telemático diversas actividades relacionadas co Día das bibliotecas, Día da Paz, Día contra a Violencia de Xénero, San Valentín, Día da Muller, Día das Letras Galegas, Día do Libro
- Sesións informativas no comezo do curso para 1º de ESO no uso da biblioteca. Tamén se informará da existencia da figura do alumnado voluntario de biblioteca e das súas competencias, aínda que este curso non poden desenvolver as súas funcións plenamente.
- Sesión de acollida do alumnado de 6º de primaria dos colexios adscritos, cunha visita especial á biblioteca, se as condicións sanitarias o permiten.
- Actuar como enlace con outras fontes e servizos de información externos.

4. Tipo de organización e funcionamento previsto.

A biblioteca está aberta toda a xornada escolar, pero só está atendida por profesorado específico no recreo. Os préstamos, as devolucións e o servizo de recomendacións de lectura realizarase habitualmente no recreo. O profesorado responsable será o encargado de planificar as distintas actividades ou exposicións e xunto coa Dirección e os distintos departamentos decidirán como se cobren as necesidades de novos fondos.

5. Actuacións previstas nos seguintes ámbitos:

5.1. Xestión técnica e organización.

Nestes últimos anos, o equipo da biblioteca formouse no Programa Meiga co propósito de catalogar o material existente. A nosa intención é continuar esa informatización dos fondos comezada en anos anteriores. Así mesmo, neste curso pasado solicitámoslle a todo o profesorado que fixese un expurgo dos materiais que se atopan nos departamentos.

En xeral, as actividades de formación de usuarios, educación en información e a dinamización cultural do centro serán motivo de atención en todos os trimestres, pero poderíase establecer a seguinte temporización:

- Así mesmo, continuaremos coa informatización dos fondos e introduciremos o carné de usuario.
- No segundo trimestre tentaremos realizar actividades específicas de fomento da lectura, axeitadas ás diferentes idades, intereses, idiomas, etc., aínda que iso vai ser unha constante ao longo de todo o curso. Desde a biblioteca tamén se farán concursos e exposicións temáticas sobre novidades editoriais, eventos literarios, temas lingüísticos ou de información cultural en xeral. Ademais, se realizarán actividades con motivo das diferentes conmemoracións e celebracións do ano. Tamén contamos con poñer en marcha o blog da biblioteca.
- E no terceiro trimestre, xunto co Equipo Directivo, revisaremos de maneira realista o proxecto lector para adaptalo ás necesidades do noso centro nos vindeiros cursos.

5.2. Formación para o uso, tratamento e produción de información.

En canto á Información e a formación de usuarios, farase unha sesión inicial de visita á biblioteca no mes de outubro co alumnado de 1º da ESO, para informar das novidades e do proxecto da biblioteca para este curso 2020-2021. Incidiremos no sistema de autoempréstito, na figura do alumnado voluntario de biblioteca e nas normas de uso e funcionamento para poder realizar a adquisición de competencia informacional e dixital.

Durante este curso 2020-2021 estaba previsto continuar coa formación do voluntario de biblioteca, un grupo de alumnos que apoia ao equipo da biblioteca nas tarefas relativas á xestión e á dinamización. Manterase o equipo formado durante o curso anterior.

O tempo dedicado a este labor contabilizarase a través dun rexistro de horas e de actividades realizadas. Este tempo de voluntariado seralles recoñecido mediante a emisión de certificados de acción voluntaria. Para poder optar a este certificado deberán realizarse un mínimo de 15 horas anuais.

O alumnado voluntario deberá asinar un compromiso xunto co responsable da biblioteca escolar, que poderá ser revocado sempre que se avise en tempo e forma. Por seren alumnos menores de idade, os pais/nais deberán ser informados e asinar unha autorización.

3.-Obxectivos:

- Favorecer a formación de actitudes de colaboración no ámbito cultural entre o noso alumnado.
- Implicar ao alumnado na dinamización da biblioteca escolar e nas actividades de fomento da lectura.
- Educar ao alumnado na solidariedade, fomentando a axuda entre iguais.

4.- Tarefas dos coordinadores.

- Formar e coordinar o grupo de voluntarios, distribuindo as tarefas e/ou actividades a realizar e establecendo un calendario de participación.
- Facilitar unha formación básica do alumnado voluntario para que poidan levar a cabo as tarefas encomendadas
- Supervisar o traballo do alumnado voluntario durante o curso escolar.
- Levar conta das horas e das actividades realizadas a través dun rexistro que sirva para certificar posteriormente o labor dos voluntarios.
- Xestionar os contidos que se publican no blog e nas redes sociais da biblioteca nas que colaboran os voluntarios.

5.- Tarefas dos voluntarios.

- Axudar aos compañeiros a atopar o libro que buscan nos andeis da biblioteca.
- Consultar no catálogo.
- Axudar a etiquetar os fondos.
- Ensinar aos usuarios da biblioteca a utilizar o ordenador de autoempréstimo.
- Axudar na colocación dos libros devoltos.
- Axudar na colocación de exposicións temáticas periódicas.
- Aportar ideas para a compra de novo material.
- Participar activamente no blog ou nas redes sociais da biblioteca (fomento da lectura, exposicións, conmemoracións, concursos, etc.).

6.- Avaliación.

Ao final de curso tanto o alumnado participante como o equipo da biblioteca realizarán unha reunión para amosar o seu grao de satisfacción co programa. Así mesmo, poderán facer as propostas de mellora que consideren convenientes para introducilas nos vindeiros cursos.

5.3. Formación de usuarios.

No que respecta á formación de usuarios, tentaremos ensinar aos alumnos a que comprendan o sistema de catalogación da biblioteca para que sexan máis autónomos á hora de acceder aos fondos e non dependan sempre do profesor responsable. De feito, algún grupo xa axudou este ano pasado a colocar os libros nos estantes.

- No caso de contar con dispositivos dixitais (e-books e tablets) aprenderían a manexalos de xeito responsable. Tamén incidiríamos no uso seguro de Internet: discriminar contidos, evitar páxinas perigosas...

- Tal e como está recollido no noso plan de convivencia, ao longo do curso colaboramos con todos os departamentos a través de actividades variadas sobre os temas transversais: educación para a paz, violencia de xénero, etc.

Farase unha sesión inicial de visita á biblioteca no mes de outubro co alumnado de 1º da ESO, para informar das novidades e do proxecto da biblioteca para este curso 2020-2021. Incidiremos no sistema de autoempréstimo, na figura do alumnado voluntario de biblioteca e nas normas de uso e funcionamento para poder realizar a adquisición de competencia informacional e dixital.

O alumnado de 1º de ESO ten una materia optativa denominada Investigación e tratamento da información, na que coñecen as fontes de información do centro, centralizadas na biblioteca, e desenvolven un Proxecto documental por trimestre. Un dos obxectivos é que ao final do curso sexan autónomos na procura da información para elaborar calquera tipo de traballo documental e que sirvan de guías na xornada de portas abertas ao alumnado de 6º de Primaria dos colexios adscritos .

Os demais grupos acoden nas horas de titoría, coordinados coa responsable da biblioteca ou co equipo de apoio. Ademais, sempre ao inicio do curso, programamos visitas guiadas á Biblioteca Pública González Garcés.

Continuarase a difundir a guía de uso da biblioteca, pero fomentarase a difusión do labor da biblioteca a través do blog e do Instagram.

5.4. Programas de formación para a competencia informacional e mediática e proxectos de carácter interdisciplinario ou outros.

PROXECTO “MÁIS POLA IGUALDADE”, iniciado no curso 2017-2018 e co que continuou a colaborar a biblioteca este curso coa adquisición de fondos sobre ese tema. No próximo curso continuaremos a colaborar con este proxecto.

6. Actividades para o fomento da lectura e a comprensión lectora en todas as áreas e materias.

O referente a este epígrafe está recollido no documento titulado Plan Anual de Lectura curso 2020-2021.

7. Apoio ao desenvolvemento ao proxecto lector de centro (en materia de lectura, escritura e habilidades no uso, tratamento e produción da información).

Encontros con artistas, científicos, xornalistas e especialmente con autores literarios, e preténdese incidir tamén no fomento do libro divulgativo-científico, realizando encontros con artistas, científicos, xornalistas...

8. Apoio a outros programas e proxectos de aula/centro .

9. Apoio ao estudo ou outras actividades desde a biblioteca para a comprensión das desigualdades sociais e a correcta atención á diversidade.

No centro existe alumnado de diversa procedencia social, o uso preferente de ordenadores para realizar traballos e de prioridade de empréstimo nos libros de lectura obrigatoria ten en conta esta realidade social. Temos tamén alumnado que procede de diversos países que ademais das clases de apoio esixe unha biblioteca con materiais actualizados e adaptados ás súas necesidades, como

dicionarios en varias linguas para favorecer a adquisición dos idiomas autóctonos. Especial atención presta a biblioteca ao alumnado hipoacúsico, que ten intérprete nas aulas e reforzo, e que conta na biblioteca con algúns libros específicos e materiais en lingua de signos. Cada curso escolar a biblioteca prestará especial atención ao alumnado con NEE para adquirir materiais inclusivos.

10. Accións para a integración da cultura impresa/cultura dixital. Multialfabetismos

BLOG DE BIBLIOTECA bibliotero.blogspot.com e conta de Instagram (@iesoteroacorunabiblioteca): preténdese dinamizar e actualizar o blog e especialmente a conta de Instagram (máis acorde co gusto do alumnado), pero desde outra perspectiva, incidindo na figura do alumnado voluntario de biblioteca, e, por ende, de todos os discentes. O alumnado voluntario fará recomendacións de lecturas, así como incitará ao resto dos discentes a estar informados en diversos ámbitos. Anunciaranse os libros de lectura mensual do Club de lectura Bibliotero e informarase puntualmente das diversas actividades da biblioteca coa idea de xerar unha interacción con toda a comunidade educativa, non só se pretende que sexa mostra do que se fai senón que serva para interactuar e formular novas dinámicas coas familias e discentes: xerar opinións e novas liñas de actuación.

11. Difusión dos recursos dispoñibles na biblioteca.

O alumnado voluntario fará recomendacións de lecturas, así como incitará ao resto dos discentes a estar informados en diversos ámbitos. Anunciaranse os libros de lectura mensual do Club de lectura Bibliotero e informarase puntualmente das diversas actividades da biblioteca coa idea de xerar unha interacción con toda a comunidade educativa, non só se pretende que sexa mostra do que se fai senón que serva para interactuar e formular novas dinámicas coas familias e discentes: xerar opinións e novas liñas de actuación.

12. Implicación das familias e colaboración con outras bibliotecas.

Anunciaranse os libros de lectura mensual do Club de lectura Bibliotero e informarase puntualmente das diversas actividades da biblioteca coa idea de xerar unha interacción con toda a comunidade educativa, non só se pretende que sexa mostra do que se fai senón que serva para interactuar e formular novas dinámicas coas familias e discentes: xerar opinións e novas liñas de actuación.

13. Outros.

- Adquirir dispositivos de lectura dixitais (e-books), para dalos a coñecer entre o alumnado e que adquiran competencia no seu manexo. De feito, existen moitos clásicos da literatura gratuítos, que poderíamos descargar, o cal contribuiría a ampliar os fondos da biblioteca sen minguar por iso o reducido espazo físico do que dispoñemos. Consideramos que este soporte resultaría máis atractivo para o alumnado, contribuíndo a aumentar o seu gusto pola lectura.
- No que respecta ao mobiliario, cambiar os andeis por outros propios dun espazo como a biblioteca, con escaleiras para mellorar o acceso aos fondos. Recolocar os fondos para favorecer que as seccións con máis demanda teñan mellor acceso.
- Elaborar materiais de exposicións e materiais audiovisuais para o Instagram, en colaboración cos Departamentos para as conmemoracións e celebracións que se realizan na biblioteca. Colaborar cos Departamentos para a realización de actividades conxuntas en relación cos Proxectos de Centro ou cos contidos/efemérides concretas:
- CONMEMORACIÓNS, actividades en datas sinaladas que este curso realizaranse de xeito telemático a través do Instagram da Biblioteca: SAMÁIN. DÍA DA NON VIOLENCIA SEXISTA (25

de novembro), DÍA DA PAZ, DÍA DA MULLER TRABALLADORA, DÍA DO LIBRO, DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

14. Horario previsto de atención específica (responsable e integrantes do equipo de apoio).

O equipo de biblioteca no curso 2020-2021 está integrado por:

- Juan Berná Pérez (coordinador).
- Ana Campos Rey.
- Félix Longueira Fafián (dinamizador medios audiovisuais).
- María de la Concepción Liñares da Costa.

15. Criterios e procedementos de avaliación. Indicadores que se terán en conta e instrumentos que se van utilizar.

A final de cada curso realízase unha memoria da biblioteca escolar e do Proxecto Lector, na que se comproba o cumprimento dos obxectivos fixados para o ano e se aportan propostas de mellora. Temos á disposición de todos os usuarios unha caixa de suxestións, xa que consideramos moi importante a súa opinión sobre o funcionamento e recursos da mesma.

Despois de cada actividade, mediante enquisas, comentarios ou cuestionarios específicos, o alumnado poderá avaliar o proceso e o resultado. Nun cuestionario final, o alumnado e o profesorado poderán avaliar a proposta didáctica da actividade:

- Valoración do uso dos fondos documentais da biblioteca.
- Análise e valoración dos resultados do Plan Anual de Lectura e do Proxecto Lector.
- Valoración da cantidade e calidade dos fondos documentais, en relación coa súa utilidade e adecuación dos temas aos intereses do alumnado.
- Avaliación das actividades de animación á lectura, tendo en conta o nivel de participación nas mesmas e comprobando se resultaron atractivas, motivadoras e didácticas.
- Valoración do nivel de participación da comunidade educativa nas actividades deseñadas e promovidas pola Biblioteca.
- Valoración por parte dos Departamentos das actuacións desenvolvidas desde a Biblioteca.